

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CITI 2009-2010

1. Promoción do CITI e Internacionalización

Coa finalidade de promocionar a imaxe do CITI e visibilizar e posicionar as súas actividades e os seus grupos cara o exterior, tanto na comunidade universitaria como fóra, o centro organizou distintas actividades e participou en diversas xornadas ao longo do ano:

1.1. Consolidación do Plan de comunicación externo e interno do CITI

1.1.1. Plan de comunicación externo do CITI: co obxectivo de posicionar ao CITI como un centro de investigación de referencia inserido na cidade de Ourense, en coordinación coa Área de Comunicación da Universidade de Vigo leváronse a cabo as seguintes accións:

- Promoción da identidade corporativa.
- Elaboración dun dossier de comunicación: para a presentación á prensa.
- Actualización da parte pública da páxina WEB, con noticias do Parque Tecnolóxico e do CITI, onde a difusión de convocatorias de axudas por ámbito e temática centra a maior parte do traballo.

1.1.2. Plan de comunicación interna do CITI:

- Mantemento e actualización da plataforma de traballo/Intranet.
- Dinamización do uso das ferramentas de comunicación e organización implementadas no ano 2008 por parte dos membros do CITI.

1.2. Acto de Inauguración do CITI

O 9 de outubro de 2009 tivo lugar o acto de inauguración do CITI, que contou coa participación de representantes da Xunta de Galicia, do goberno local e da Universidade de Vigo. Ao acto, que presidiu o reitor D. Alberto Gago, asistiron 60 persoas entre autoridades da universidade, do goberno local e de centros tecnolóxicos e empresas do Parque Tecnolóxico. O acto consistiu na presentación do Centro e das súas características, sinalando as vantaxes da súa ubicación no Parque Tecnolóxico de Galicia, oportunidade que permitirá unha maior proxección dos resultados das investigacións ao tecido empresarial.

A xornada rematou cunha visita ás instalacións do Centro, Planta Piloto e laboratorios, onde se expuxeron as liñas de traballo principais e unha breve descrición dos equipos instalados, principalmente os ubicados na Planta Piloto.

1.3. I Xornada de Portas Abertas

A I Xornada de Portas Abertas organizada no CITI, que tivo lugar o 12 de novembro de 2009, estivo dirixida principalmente aos centros e entidades de TECNOPOLE, ao ámbito universitario, así como á confederación de empresarios.

Esta iniciativa, enmarcada dentro do obxectivo principal do plan de comunicación do CITI, realizouse co fin de dar a coñecer o Centro aos usuarios potenciais, facendo fíncapé no obxectivo final do CITI que é lograr trasladar e aplicar a investigación que se está a desenvolver no Centro ao tecido empresarial do seu entorno.

1.4. II Xornadas de Comunicación para investigadores

Por segundo ano consecutivo, o Consello Social da Universidade de Vigo promoveu, no marco das actividades de formación para investigadores, estas xornadas organizadas polo CITI que tiveron lugar os días 24, 26, 30 de novembro e 2 de decembro de 2009 no Campus de Ourense. Neste curso, distinguidos poñentes de diferentes empresas punteiras de Galicia puxeron en común a transferencia do coñecemento e a relación entre os empresarios e os investigadores.

Estas xornadas tiveron como obxectivo proporcionar aos investigadores da Universidade de Vigo as ferramentas e técnicas necesarias para relacionarse dun xeito efectivo cos empresarios, favorecendo o investimento en actividades de I+D+i. Con este fin, o programa dividiu cada xornada nos seguintes bloques: políticas de I+D+i, a perspectiva empresarial, técnicas de negociación e marketing científico.

2. Transferencia e valorización da tecnoloxía e capacidades dos grupos do CITI

O obxectivo desta actividade foi divulgar e promover a tecnoloxía e o coñecemento xerado tanto nos grupos de investigación como nos servizos centrais do CITI cara ao sector produtivo. Para acadar este obxectivo, leváronse a cabo as seguintes iniciativas:

2.1. Valorización das capacidades dos grupos de investigación

Actualización e modificación, na base de datos e na web, da información relativa aos últimos proxectos de investigación, patentes, publicacións, liñas de investigación e persoal que compoñen cada equipo de investigación do CITI.

2.2. Elaboración do Programa de Xestión de Proxectos

Desenvolvemento dunha ferramenta de Xestión de proxectos para os investigadores do CITI, tarefa realizada por un alumno en prácticas do "Máster de Creación, Dirección e Innovación na empresa" da Universidade de Vigo baixo a supervisión do Técnico Informático do CITI.

Esta plataforma colaborativa permitirá aos investigadores levar o control de todos os aspectos típicos de xestión de proxectos como recursos materiais e humanos, economía, etc., así como outros aspectos adicionais de valor engadido como unha comunicación eficiente con socios en proxectos colaborativos.

2.4. Catálogo do Salón Alimentaria 2010

A Oficina de I+D (OTRI) da Universidade de Vigo promoveu a participación dos grupos de investigación do CITI que traballan no ámbito agroalimentario na elaboración dun catálogo virtual de proxectos de investigación, que será promocionado no Salón Alimentaria 2010 e elaborado pola Fundación Triptolemos.

3. Relación co Parque Tecnolóxico de Galicia

Durante o curso académico 2009-2010 o CITI participou en diversas accións promovidas por TECNOPOLE. Estas iniciativas teñen como obxectivo promover futuras colaboracións no desenvolvemento de proxectos conxuntos de investigación. Neste senso participouse nas seguintes actividades:

3.1. Colaboración no catálogo anual de TECNOPOLE

A oficina de proxectos de I+D+i do Campus de Ourense participou na creación do Catálogo anual de TECNOPOLE, elaborando un documento no que se especifican as liñas de investigación dos grupos de investigación do CITI nos eidos agroalimentario, ambiental e das tecnoloxías da información así como os equipos e servizos da Planta Piloto.

3.2. Participación do CITI no Programa COPIT

Participación de distintos grupos de investigación do CITI nunha serie de videoconferencias sectoriais con empresas do Polígono de Sabón (A Coruña) e do Polígono de San Cibrao das Viñas (Ourense) enmarcadas no Programa de Cooperación con Parques Industriais e Tecnolóxicos (COPIT).

3.3. Colaboración nas visitas ao Parque Tecnolóxico de Galicia

No marco de colaboración co Parque Tecnolóxico, o CITI participou en varias visitas á TECNOPOLE presentando a oferta tecnolóxica do Centro e amosando as instalacións, tanto da Planta Piloto, como dos laboratorios. A continuación relaciónanse algunhas das visitas recibidas no CITI:

- Representantes do Parque de Ciencia e Tecnoloxía da Universidade do Porto (UPTEC) e da Facultade de Enxenharia da Universidade do Porto (FEUP).
- Representantes do Concello e do Comité de Hermanamento de Quimper (Francia)
- Delegación de Quimper (Francia) interesados principalmente no sector agroalimentario.
- Delegación de Colombia interesados principalmente no sector agroalimentario.
- Delegación de Botucatu- San Paulo (Brasil)

3.4. Relacións con outras entidades do Parque Tecnolóxico.

Durante o 2009-2010 mantivéronse reunións con diversos axentes do Parque Tecnolóxico, co fin de fomentar posibles proxectos de I+D en colaboración cos centros tecnolóxicos do arredor. Neste senso leváronse a cabo entrevistas co LOMG, CIS Madeira e a Asociación de Empresarios de San Cibrao.

4. Proxectos institucionais do CITI

4.1. Proxecto REAL

As tarefas desenvolvidas polo CITI no período 2009-2010 no proxecto REAL foron:

- Realización dos paneis de expertos sectoriais para a validación das enquisas obtidas.
- Colaboración nas actividades de preparación da inauguración da Rede REAL.
 - Elaboración e estruturación da Axenda Estratéxica do sector agroalimentario da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal.

4.2. Recursos Humanos

O CITI, a través da Oficina de Proxectos de I+D+i do Campus de Ourense e co Vicerreitorado de Investigación da Universidade de Vigo, promoveu dúas solicitudes de incorporación de persoal na convocatoria 2009 de Recursos Humanos da Xunta de Galicia. Ambas solicitudes foron aprobadas, permitindo a continuación dun técnico de I+D cunha prórroga Isabel Barreto e dun técnico informático cunha nova adxudicación Isabel Barreto.

Ademais solicitouse unha praza PTA (Persoal Técnico de Apoio) destinada ao manexo de equipos, instalacións e demais infraestruturas de I+D+i da Planta Piloto do CITI, dentro do Programa Nacional de Contratación e incorporación de RRHH. Esta solicitude foi finalmente denegada.

4.3. Colaboración coa Universidade de Minho no Programa Leonardo da Vinci

No marco da convocatoria Lifelong Learning Programme - Leonardo da Vinci Sub-Programme - Mobility Action, a través da cal alumnos da Universidade de Minho teñen a posibilidade de realizar prácticas noutros centros e empresas, dita Universidade solicitou a colaboración do CITI como receptor dos alumnos recentemente titulados para facer as prácticas nos laboratorios do Centro.

5. Acondicionamento das instalacións do CITI

Durante o período 2009-2010 acometéronse diversas obras de acondicionamento dalgunhas instalacións do CITI que requirían melloras ou modificacións, priorizando as obras de posta a punto da Planta Piloto ou dos laboratorios. A continuación, desglósanse as distintas obras levadas a cabo agrupándoas por ubicación:

5.1. Acondicionamento da planta piloto

- Instalación da caldeira
- Instalación de subministro de auga quente

5.2. Acondicionamento animalario

- Acondicionamento de ruído no animalario
- Instalación de subministro de auga quente

5.3. Acondicionamento laboratorio P3

- Acondicionamento do laboratorio de microbioloxía para cumprir coa normativa vixente das salas de seguridade biolóxica P3.

5.4. Acondicionamento da sala limpeza

- Montaxe taquillas para uso do persoal de limpeza
- Instalación toma auga e vertedeiro

5.5. Adaptación dos aseos para minusválidos

- Reforma e adaptación de aseos de minusválidos na planta 1 dos módulos 2 e 3.

5.6. Módulos 1, 2, 3 e 4

- Subministro e instalación de detectores de movemento en zonas comúns, con sensor de luminosidade.
- Subministro e instalación de emerxencias en escaleiras de evacuación.
- Subministro e instalación dos SAIs.

5.7. Señalética do CITI

- Deseño e instalación da señalética do CITI

6. Actuacións na Planta Piloto e outros equipos de uso xeral

6.1. Posta en marcha dos equipos da Planta Piloto

As actuacións levadas a cabo relativas aos equipos da Planta Piloto, e a outros equipos de uso xera foron as seguintes:

- Xestión cos diferentes provedores e organización cos técnicos para impartir a formación aos grupos de investigación do CITI.

- Instalación e posta en marcha dos seguintes equipos:
 - Equipos de auga ultrapura Elix 20 e Elix 5 e dos equipos MiliQ Advantage A10.
 - Termodesinfectadora.
 - Fermentador D50
 - Equipo de Altas Presións hidrostáticas
 - Equipos de Fluídos Supercríticos
 - Clarificadora CLARA20. A posta en marcha deste equipo incluíu a adquisición e instalación dunha bomba para alimentar o líquido de proceso
 - Equipo de Purificación de Biomoléculas
 - Preinstalación do reactor a presión Parr e do equipo de filtración de membranas.

6.2. Elaboración da oferta tecnolóxica da Planta Piloto

Elaboración da oferta tecnolóxica na que se recollen as diferentes liñas de traballo implantadas na Planta Piloto, as potenciais aplicacións dos equipos instalados, as súas características técnicas, e as vantaxes e os inconvenientes que poden presentar tanto os procesos como os equipos implicados nestas liñas, incluíndo un estudo dos servizos de cada unha das liñas de infraestruturas e equipos da Planta Piloto.

Esta labor foi realizada por unha alumna do “Máster de Creación, Dirección e Innovación na empresa” da Universidade de Vigo baixo a supervisión da técnico de infraestruturas responsable da Planta Piloto.

6.3. Plataforma de xestión das reservas de equipamento da Planta Piloto

Implementación dunha plataforma de xestión das reservas que permite aos investigadores facer reserva de calquera dos equipos dispoñibles que se atopan na Planta Piloto. Esta ferramenta permite xestión de equipos, ferramenta de reservas e administración de reservas, facilitando desta forma a xestión dos equipos por parte do persoal da Planta Piloto.

6.4. Visitas a outros centros de investigación e transferencia de referencia a nivel nacional

Enmarcado nun dos obxectivos do CITI como é a posta en funcionamento da Planta Piloto, realizouse unha visita ao Centro Tecnolóxico AINIA con gran experiencia no eido agroalimentario, tanto a nivel de proxectos de investigación aplicada como de fomento da investigación nas empresas.

O obxectivo desta visita foi a adquisición de know-how asociado a este tipo de instalacións sobre o seu funcionamento e xestión. Tendo en conta as infraestruturas coas que conta a Planta Piloto e as liñas de investigación dos equipos do CITI, as plantas do AINIA visitadas foron as seguintes:

- Planta piloto de bioprocesos e procesos fermentativos: sala de bioreactores e operacións *downstream*.
- Planta piloto de fluídos supercríticos.
- Planta piloto de desenvolvemento de novos produtos (revalorización de coprodutos).

- Novos materiais de envasado.